



O Concello de Arteixo está situado na provincia da Coruña no extremo máis occidental do golfo Ártabro, onde se insinan as rías de Ferrol, Ares, Betanzos e a Coruña, reflexo dun territorio que estivo pobaldo polos Ártabros. Arteixo está xusto ó lado da cidade da Coruña e tamén é a porta de entrada da Costa da Morte, da que a súa impresionante natureza é un dos reclamos mellor gardados de Galicia.

Arteixo ten unha superficie de 93,4 quilómetros cadrados cunha poboación de 31.000 habitantes, entre a que predomina a xente xoven grazas ao dinamismo e oportunidades de emprego do seu importantísimo entramado empresarial, baseada entre outros na industria do téxtil e da enerxía. Como aspecto turístico máis salientábel do Concello de Arteixo hai que subliñar os seus areais, moi concorridos na época estival onde se pode gozar do tempo de lecer. Os máis visitados son os de Barrañán, as Comouzas (nudista) e o Reiro. Estes areais están batidos polas bravas ondas do océano o que fai que as súas augas sexan limpas e a súa area de cor gris clara e fina. Tamén son moi visitados outros areais máis pequenos pero acolledores coma os de Area Grande (Valcovo), Area pequena e Repibleo.

Este ano o concello de Arteixo recuperou o distintivo de bandeira azul para catro das súas praias (Comouzas, Valcovo, Hucha e Repibleo) e presume de contar cunha Senda Azul que conecta 7 das nove praias arteixás: Sabón, Repibleo, a Hucha, Valcovo, as Comouzas, Barrañán e o Reiro. Cabe salientar que a senda é un lugar idóneo para avistar cetáceos e aves.

Todos eles teñen fácil acceso e contan con bons servizos turísticos como limpeza, aparcamiento, duchas, sendeiros, rampas de acceso, e socorrismo en época estival en horario de 12:00 a 20:30. As praias de Arteixo son de natureza en estado puro con fortes olas, perfectas polo tanto, para a práctica de deportes náuticos como o Surf o Kite surf, así coma para largos paseos a pé ou a cabalo, nun lugar privilexiado do LIC Costa da Morte.

No referente a cultura no municipio de Arteixo temos que salientar, valiosas mostras de arquitectura relixiosa. Poucos municipios de Galicia conservan unha pegada patrimonial medieval, e máis concretamente románica, tan interesante como o Concello costeiro de Arteixo. Tamén son importantes as mostras de arquitectura civil, cos seus pazos, a arquitectura viaria ca Ponte dos Brozos e no referente a arquitectura popular temos que destacar os muíños de Sisalde por onde discorre unha ruta de sendeirismo, onde podemos descubrir o Arteixo máis rural que nos fai recordar tempos pasados.

"En definitiva, Arteixo é un recuncho por descubrir ideal para o lecer e as actividades ao aire libre, contando coa beleza dunha costa que invita a coñecer o fermoso mar que o baña."

CONCELLO DE ARTEIXO

TELÉFONOS DE INTERESE

Concello de Arteixo	981 600 009
Oficina de Información turística	981 601 200
Centro de Saúde	981 601 402
Garda Civil	062
Policia Local	981 600 060
Protección Civil	981 601 414
Emerxencias	112

www.arteixo.org - www.turismoarteixo.com

Deputación DA CORUÑA

Foto portada: Pablo Manuel Suárez Pose



Rede Natura 2000
LIC COSTA DA MORTE

**Que é
REDE NATURA 2000?**

Natura 2000 é a rede de espazos naturais protexidos a escala da Unión Europea creada en virtude da Directiva 92/43/CEE do Consello, de 21 de maio de 1992, relativa á conservación dos hábitats naturais e da fauna e flora silvestres (Directiva hábitats), con obxecto de salvagardar os espazos naturais máis importantes de Europa. Dentro da Rede Natura 2000 distingúense os LIC (Lugares de Importancia Comunitaria). O litoral arteixán forma parte do LIC Costa da Morte.

UN 12,53 % DO TERRITORIO GALEGO ATÓPASE DENTRO DA REDE NATURA 2000



LIC EN GALICIA

ÁREAS DE INTERESE





FRAGA DE SISALDE

A Fraga de Sisalde, situada na parroquia de Barrañán, ten as características dunha fraga típica atlántica. Nunha superficie aproximada de 10 hectáreas proliferan os ameneiros (*Alnus glutinosa*) e os salgueiros (*Salix atrocinerea*) á beira do río que a percorre -Río Sisalde- e tamén os castiñeiros (*Castanea sativa*) e carballos (*Quercus robur*). En canto á fauna podemos salientar a presenza de lontra (*Lutra lutra*) e a escraventa das canaveiras (*Emberiza schoeniclus*), especie catalogada en "Perigo de extinción".

Cabe salientar a proliferación de antigos muiños hidráulicos na contorna do río, reflectindo a afinidade que antano tiñan os habitantes do lugar con este espacio e que permitiu en certa maneira o desenvolvemento equilibrado do económico e do social coa preservación do medio.

AREAL DE BARRAÑÁN

O Areal de Barrañán é un dos espazos naturais más salientables de Arteixo. Unha das características más peculiares de Barrañán, e que cabe destacar, é o cordón dunar de gran valor ecolóxico, tanto pola súa representatividade como pola súa singularidade e que cómpte ser respectado e protexido por todas as persoas usuarias do areal. A praia ten unha lonxitude de 1200 m. A area, de natureza silícea calcaria, é fina e de cor gris clara. O ondado soe ser forte e a zona está exposta ao vento. O cordón dunar lonxitudinal ocupa unha superficie de 13,50 hectáreas. Na parte máis occidental da praia prodúcese a desembocadura do Río Sisalde formando unha pequena marisma.



Zona Rede Natura 2000 LIC COSTA DA MORTE



LIC COSTA DA MORTE

DESCRICIÓN

Extenso tramo de costa entre o cabo Fisterra e a praia de Alba (Arteixo), que, con excepción dunha gran parte da ría de Camariñas e dos núcleos habitados máis importantes, abarca a totalidade do litoral noroccidental de Galicia e algúns dos treitos más apartados e mellor conservados da costa galega.

Este LIC abarca arredor de 152 km de litoral, dos que sobre un 17% (26 km) se corresponde con depósitos areosos de praia-duna. Ademais, un 38% da área protexida (4.539 ha) ocupa augas mariñas, principalmente ao sur e sudeste de cabo Fisterra, no tramo Camariñas-Arou e na parte externa da ría de Corme e Laxe. Malia a existencia no pasado de múltiples factores degradadores, as diferentes zonas húmidas, como Traba e Baldaio, ainda conservan un gran valor, e atesouran importantes e moi variadas mostras de vexetación estuárica e palustre. Pola súa parte, os sistemas dunares están moi ben representados e inclúen múltiples macroformas sedimentarias e erosivas, algunas pouco comúns ou case únicas no ámbito cántabro-atlántico ou español, como as dunas parabólicas, as dunas remontantes ou placas eólicas (con mostras excelentes nos "montes brancos" das praias da Barra do Medio, en Ponteceso, e Trece-Santa Mariña, en Camariñas, que se elevan por encima dos 100 m de altura, así como en Lourido, Nemíña e Rostro, entre outras), as dunas colgadas (Razo, Santa Mariña) ou as barxanas (Trece). As praias e turbeiras fósiles (como as de Razo e Baldaio), as grandes extensións de coídos ou praias de coídos (con exemplos singulares como o de Cuño, en Muxía), os numerosos complexos de covas mariñas ou furnas (como as de Muxía-Nemíña, Roncudo ou Sisargas), as rasas cuaternarias (cabos Santo Adrián, por exemplo) e a abundancia de megaformas e microformas graníticas (como en cabo Vilán e cabo Veo ou en punta Nariga) son elementos xeomorfolóxicos dun grande interese. Non en van este LIC engloba ata cinco puntos de interese xeolóxico (recoñecidos polo IGME) de importancia estatal ou autonómica: lagoa de Baldaio (C-110), rasas cuaternarias de cabo Santo Adrián (C-111), praia do Trece (placas eólicas) (C-112), penas abaladoiras de Muxía (C-113) -que abarca as praias de coídos, rasa litoral e depósitos de praias e placas eólicas de Lourido- e coído de Cuño (C-114).

A área pertence á rexión eurosiberiana, provincia atlántica-europea e subprovincia cántabro-atlántica, e adscríbese ao sector galaico-portugués. Dominio climático oceánico húmedo, con precipitacións no rango dos 945-1.748 mm anuais e temperaturas medias de 12,4-14,5 °C, cun número mínimo de 228 días libres de xeadas.